



O CIRCO.

*Que maravilla é o circo!
Flor aberta á fantasía
na xorda vulgaridade
da vida de cada día!*

*O circo é unha máxia,
un engado sorprendente,
unha ledicia sinxela
que contaxia toda a xente.*

*Que cosas tan formidábeis
logran os malabaristas!
E que brincos imposíbeis
os que dan os trapecistas¹*

*Pallasos e domadores
fan grazas e habilidades.
Baixo da carpa do circo
non caben as soidades!*

*Incluso a música forte
e barulleira da orquesta
mata a melancolía
e ten un aire de festa¹*

*Cando remata a función
queda un engado no ar:
a sombra morna dun soño
que hai que acabar de soñar!*

Manuel María.